



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9

Sendo as 10:00 horas do día 22 de setembro de dous mil quince reúnense, en primeira convocatoria no edificio das oficinas de ADIF en Guixar (Vigo), baixo a presidencia do sr. alcalde do concello de Redondela D. Javier Bas Corugeira as seguintes persoas:

| NOME E APELIDOS | REPRESENTACIÓN |
|--|--|
| D. Arturo González Barbeito | PP |
| D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros | PP |
| D ^a . María del Carmen Amoedo Dasilva | PP |
| D. Alberto Álvarez Pérez | PsdG-PSOE |
| D. Roberto Villar Rodríguez | AER |
| D ^a . Raquel Quintáns | non adscrita |
| D. José Romero-Amich Nieto | Arquitecto municipal |
| D. Angel González del Rio | Xefe Demarcación de Estradas do Estado en Galicia -M ^o de Fomento |
| D. Pablo Domínguez Gómez | Ministerio de Fomento |
| D. Juan Sanz | AUDASA |
| D ^a . Ana Fernández Prieto | AUDASA |
| D. Constantino Castro Campos | AUDASA |
| D. Pedro Chico López | UTE RANDE |
| D. Rafael Baltasar Cela Acevedo | As. Afectados AP-9 |
| D. Jesús Vázquez Lorenzo | As. Afectados AP-9 |
| D. Francisco Puch Casal | As. Afectados AP-9 |
| D. Cesar Domínguez Fernández | As. Afectados AP-9 |
| D ^a . Angela Méndez Alonso | AA.VV. de Chapela |
| D. Juan Corugeira Cabaleiro | AA.VV. de Trasmañó |

actuando como secretaria de actas D^a. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela, para tratar a seguinte ORDE DO DÍA:

1. CONSTITUCIÓN COMISIÓN
2. INFORMACIÓN SOBRE ESTADO DAS OBRAS



CONCELLO DE REDONDELA

3. ROGOS E PREGUNTAS.

1.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

2.- INFORMACIÓN SOBRE ESTADO DAS OBRAS.-

Iníciase a sesión polo alcalde indicando que esta é a xuntanza constituinte da Comisión de Seguimento das Obras de ampliación da AP-9 dado que por fin están presentes as persoas que representan tanto ao Ministerio de Fomento como a AUDASA. Indica así mesmo, que o ministerio está en diálogo permanente para intentar solucionar cuestións prioritarias e insiste en que había certo malestar pola falta de nomeamentos das persoas que debían estar presentes na comisión; de igual modo expresa a súa sorpresa polas palabras da ministra que di que non hai actividade cando as obras se están levando a cabo na autoestrada e solicita que se faga un cronograma das actuacións, o máis concreto posible, para que os veciños teñan coñecemento ao seu debido tempo, de como e onde se van realizar as obras e desexito intentar desbloquear esta situación.

Contéstaselle o Sr. González del Rio indicando que foron designados hai unha semana e que o que pretende o ministerio é buscar fórmulas de solución a petición do concello de Redondela. Indica que a comisión ten que avanzar para resolver asuntos e que dada a presenza dos técnicos haberá que buscar solucións. Indica así mesmo, que a comisión ten carácter informativo e nunca vinculante.

A Sra. Fernández Prieto -AUDASA- indica que desde a primeira xuntanza se están cumprindo prazos indicando os procedementos e tajos onde se ía actuar.

O alcalde pregunta porque se cambiaron as datas nas obras do colexio sen coñecemento e sen dar unha información previa porque iso o único que xera son problemas.

A Sra. Fernández Prieto indica que se ían empezar as obras por esa zona pero que ao empezar o muro de Pasán se paralizaron os traballos, se pedía un maior ensanche, accesos mellores e polo tanto houbo que facer estudos para ver se podían levarse a cabo. Indica que había un compromiso de non facer obras en período lectivo e que as circunstancias de evolución das obras os levou a ir a esa zona.

O representante do PsdG-PSOE, Sr. Álvarez Pérez, sorpréndese que se recalque tanto que é unha comisión de seguimento das obras porque hai moitas outras cousas que non se están tratando ao que lle contesta o alcalde que coa presenza dos técnicos e dado que as obras están en marcha pódese ter un coñecemento directo da situación das mesmas. Insiste o Sr. Álvarez Pérez no traslado do colexio xa que en anteriores ocasións se indicara que en setembro estaría todo resolto e porén non se fixo nada; está tamén o tema das expropiacións que está sen resolver, a afectación, etc... Con respecto á representatividade indica que hai 4 representantes do PP mentres que polos restantes grupos políticos hai só unha persoa e que as cousas non poden ser así. Di poder entender as xustificacións de AUDASA con respecto da paralización das obras pero os veciños son os verdadeiramente afectados e por iso se adoptan esas actitudes, porque a empresa non resolve a situación.



CONCELLO DE REDONDELA

Toma a palabra o representante de AER, Sr. Villar Rodríguez, expoñendo que despois de escoitar o dito queda claro que os temas importantes non se van tratar nesta comisión. As expropiacións son parte das obras e polo tanto tamén deben falarse delas na comisión. Di non estar de acordo coa designación do sr. González del Rio para formar parte da comisión *xa que desde o ano 2010 están reuníndose con esta persoa e nunca se resolveron os problemas. O Ministerio de Fomento ten que cambiar a D. Angel Glez. del Rio porque non foi capaz de resolver a situación. Consideran que non é oportuno que a persoa que amenza aos veciños estea na comisión que pretende resolver os conflitos.* Siguen indicando que *a figura de sra. Fernández Prieto esta na comisión para que a empresa no saia prexudicada e que as cousas que van dicir sempre serán para defender os intereses de AUDASA non os dos veciños. Consideran que a persoa que se debería designar debería ser do Ministerio de Fomento e non de Audasa que é unha concesionaria. A responsabilidade é do Ministerio de Fomento.*

Con respecto da representatividade a AER dálle igual que haxa 4 ca 1 que o único que queren é que participen os colectivos e que haxa unión para resolver os conflitos existentes.

Toma a palabra o representantes da AA.VV. de Trasmañó, sr. Corugeira Cabaleiro indicando que os temas que ten que plantexar como representante dos veciños de Trasmañó son aqueles que afectan a vieiros, dominio público, infraestruturas, etc...

A representante da AA.VV. de Chapela, Sra. Méndez Alonso pide unha explicación de como se pode ocupar a estrada do Torreiro sen que haxa unha alternativa con maquinaria pesada de gran tonelaxe. Así mesmo, pide explicacións sobre a falta de inclusión dos puntos defendidos polos veciños de Chapela que foron reclamados en Consello parroquial e no pleno de Redondeira *“Soterramento da Autopista o seu paso pola parroquia coa execución dun falso túnel duns 500 metros de lonxitude entre a Ponte de Pasán e o Pavillón de deportes” “Eliminación da peaxe de Cabanas para eliminar a intensa circulación nas vías urbanas de Chapela”.*

O sr. Puch Casal, da Asociación de Afectados pola AP-9 pregunta se *chegaron os expedientes dos afectados das expropiacións ao concello.* Contéstalle o Sr. González del Rio dicindo que *foron enviados e que quere que haxa constancia diso. Tamén indica que nas zonas onde se está a obrar (Pasán, Igrexa e Subida ao Mouriño) a situación real é intentar mellorar toda a zona.*

O alcalde contéstalle ao sr. Corugeira Cabaleiro que esta é a comisión que está acordada co ánimo de intentar minimizar o impacto das obras na vida dos veciños. As expectativas desta comisión son as de plantexar aos técnicos as problemáticas para buscar solucións e que outras cuestións serán para tratar noutros espazos.

O sr. Puch reitera a pregunta de se se pode verificar se esa información está no concello e pregunta porque se están a cambiar constantemente os pasos a seguir.



CONCELLO DE REDONDELA

Toma a palabra o sr. Sanz contestándolle ao representante de AER *que el non amenaza a ninguén, simplemente indicaba nos escritos que se podía iniciar un procedemento sancionador se non se cumprían os prazos e advertía das responsabilidades que poideran ter lugar e nas que incurriría a persoa por non cumprilos. Indica así mesmo, que o nomeamento da persoa ou persoas que representan a AUDASA o fai Audasa; que a obra non é do Ministerio de Fomento, que é de Audasa. O solo é Dominio Público do Ministerio de Fomento. A concesión a ten AUDASA e do dereito de uso o ten Audasa. Quen aproba os proxectos e quen os fiscaliza é o Ministerio de Fomento pero a obra a fai Audasa. Se alguén debe dar explicacións é o dono de Audasa que é o dono das obras. As obras non as paga o Ministerio de Fomento senón que as paga Audasa.*

Despois desta aclaración toma a palabra o representante de AER, Sr. Villar Rodríguez, recalcando que *a obra non a paga AUDASA senón que a pagan os veciños xa que a inversión realizada se repercutirá nas peaxes.*

O sr. González del Rio toma a palabra para dicir que *o Ministerio fixo un informe no seu día onde se recollía a expropiación das casas que quedaban a 4 ou 5 metros das obras e que podían solicitar a expropiación total da vivenda segundo indica a Lei de expropiación de estradas. Aquelas casas que quedaban a 8 metros podían acollerse tamén á expropiación e son a únicas que quedan por expropiar. Houbo un levantamento de actas e non se presentaron. Hai que recuperar o diálogo cos afectados para ver se ao final hai expropiación total ou non. Debería terse unha xuntanza urxente entre os dous avogados para chegar a acordos.*

O sr. Sanz contéstalle ao sr. Puch indicando en que os exptes. se lle entregaron a Cadarso. *Foi un erro non pasar a documentación a través do concello.*

O sr. Puch toma a palabra para preguntar o motivo polo que constantemente se están cambiando as cousas ao que se insiste por parte do Sr. Sanz de que foi un erro.

O representante de AER, sr. Villar Rodríguez, insiste *en que este proceso leva anos sen resolverse porque a empresa non quere e porque os intereses dos veciños non se teñen en conta.*

A sra. Fdez. Prieto -AUDASA- a instancias do sr. alcalde, explica a situación das obras en Pasán, Torreiro e Igrexa dicindo que *antes de empezar un novo tajo se plantexan as alternativas: ancho de vía, afectados, sinalización de accesos pola estrada. Estudiaronse varias alternativas pero non se puido facer como estaba previsto.*

A sra. Méndez insiste que se foi así non estaba ben estudiado porque non é normal que se inicien as obras sen ter en conta á xente e sen ter feito ese estudio.

A sra. Amoedo Dasilva pregunta *porque non se fixeron as obras ao que lle contesta a sra. Fdez. Prieto que as impediron.*

A sra. Méndez insiste en que as obras *non se estaban facendo ben.*



CONCELLO DE REDONDEIRA

O sr. González Barbeito insiste en que *se pararon as obras porque non se ían tocar máis cousas mentres non se resolveran outros temas e iso provocou que a empresa se retirara e quedaron as cousas como estaban. A Asociación de Afectados obrigou a repoñer as obras ao estado orixinal e así quedou.*

O sr. Puch Casal insiste en que *o que se está a tratar aquí é o que está falado en anteriores xuntanzas. O que hai é que buscar solucións ao que está plantexado porque xa se sabe porque está todo parado.*

A sra. Fernández Prieto indica que *o trámite está feito e hai que replantexalo.*

O sr. alcalde pregunta *se poden ter os datos topográficos no concello ao que lle contesta a sra. Fernández Prieto de que son coordenadas XY. Con respecto do plantexamento de traballo indica que unha vez se estea in situ, igual hai que modificar cousas, facer unha beirarrúa, delimitar zona de vehículos, alumeadado público, etc....*

O sr. González del Río insiste na necesidade de *que se concrete algo na xuntanza porque do contrario isto non avanza. Facer unha lista para tratar temas concretos, do contrario se poden crear expectativas que non poden levarse a cabo. Ver as obrigas de todos para empezar a falar e poder desbloquear tajos.*

O sr. Puch Casal insiste en que a alcaldía ten definido o que quere a Asociación de Afectados.

Toma novamente a palabra o sr. Glez. del Río *para concretar como punto primeiro a obra de PASÁN na que habería que retranquear a beirarrúa, trasladar o lavadoiro, ocupar terreos de dominio público, alumeadado público, etc...*

O sr. Glez. Barbeito insiste en que debe haber acordo cos veciños para evitar problemas.

Contéstalle o sr. Villar Domínguez que *isto que se está falando e o mesmo que levan falando desde hai anos e que son eles os que teñen que traer solucións sen que a estas alturas aínda o fixeran, que seguir así non ten sentido e que ao final non se están adoptando solucións aos problemas que existen que son moitos. Insiste, con respecto dos viais da zona de Pasán, en que as obras avanza pero as expropiacións non e que Audasa non coñece eses temas desde hai 15 días, que se necesitan proxectos técnicos para executar esas obras para mellorar a vida das persoas. Indica que é inaceptable que Fomento non aportara nada nin informara de nada, que sabía dende hai xa moito tempo das demandas e do que tiñan que facer, que "non viñemos aquí a anotar demandas que tiñan máis que anotadas e, que se deixaran de caralladas, que fixesen uns planos coas reposicións e as demandas, e que as trouxesen para a vindeira comisión"*

O Presidente da Asociación de Afectados toma a palabra dicindo que *nesta xuntanza parece que se está partindo de cero cando estes temas están máis que falados e que esta xuntanza debería ser para outras cousas, cree que debería entrarse en materia porque hai moitos temas que discutir.*



CONCELLO DE REDONDELA

O alcalde indica que é o Ministerio é o que debería centrar o marco para poder discutir sobre algo concreto.

O sr. Glez. del Rio contesta con respecto aos viais da zona de Pasán *que efectivamente se necesitan proxectos técnicos para executar esas obras e se se quere avanzar haberá que traer planos debuxados para ver como queda o que se pretende para que os veciños poidan ver como se van deixar as cousas.*

O sr. Puch insiste en que hai que resolver o tema do camiño Pasán ao que lle contesta o sr. Sanz dicindo que *existe unha pendente que hai que resolver.* Contesta o sr. Domínguez Fdez. dicindo que *esa pendente xa estaba plantexada e superada antes, polo que pregunta que ...como non vai ser posible superala agora?*

O sr. González Barbeito expón *que iso sería unha moi boa solución para os veciños da zona e refírese a que o proxecto do ano 1977 igual non é factible levalo a cabo hoxe xa que tamén no PERI de Chapela hai estudos que hoxe non se poderían levar a cabo. Pensa que o que deberían facer os técnicos sería plantexar o que se pode facer e o que non se pode levar a cabo. O resultado ten que ser efectivo cun estudio serio e con solucións técnicas posibles.*

O sr. Domínguez Fdez. insiste en que *se a obra era viable entón cunha soa dirección, como non vai ser posible agora que se tiran as casas.*

O sr. González del Rio expón que *se traerá un plano para que se vexa como van quedar as obras nesa zona.* Insiste tamén en que *eles expropiarán a 8 metros e que os afectados igual poden ou queren reedificar a súa casa no terreo que lle queda ao que lle contesta o sr. Villar Fernández que será imposible senón se modifican as afeccións.*

O sr. Domínguez Gómez di *que están a 25 metros desde hai 25 anos.*

Trátase como punto segundo a obra da **ENTRADA IGREXA:**

O sr. alcalde indica *que ese tema afecta á zona pero que tamén está o tema de correos xa que trasladar ese establecemento sen ter acordada unha alternativa é problemático. É un servizo público e a xente non entendería que se sacase dese lugar.*

O sr. Puch Casal di *que están ahí gratis e que o que haberá que facer é buscarlle outro local, insiste en que iso non é excusa para que se poida prestar o servizo.*

O alcalde insiste en que *dado que correos se está reestruturando igual é unha excusa para pechar ese servizo en Chapela e iso sería un problema cara a cidadanía que non o entendería.*

O sr. Puch Casal insisten en que *a empresa ten que mollarse.*



CONCELLO DE REDONDELA

A sra. Amoedo Dasilva indica que *a xente sigue pensando que correos é un servizo público cando xa non o é.*

O sr. Domínguez Fernández dí que *non poden estar pensando aínda en resolver este tema. O concello está dando un local gratis a unha empresa privada e polo tanto deberá ter potestade para sacarllo.*

O sr. alcalde expón que *se llo quitan sen máis, cando a xente pensa que é un servizo público, haberá problemas.*

O sr. Álvarez Pérez di que *haberá que sentarse con eles e buscar alternativas ao que lle contesta o sr. Sanz recalcando que o que alcalde quere expresar é o temor a que pechen un servizo.*

O sr. Puch Casal di que hai que sentarse coa empresa e falar para mellorar o servizo non para que o pechen.

O sr. Villar Rodríguez pregunta como se vai desprazar a pasarela peonil da Igrexa xa que a estrada do torreiro quedaría a menos de 8 metros tal e como marca o PERI.

Contéstalle a sra. Fernández Prieto indicando que non tiñan pensado movela e que non sabía que o PERI marcaba a 8 metros nesa zona.

Insiste o representante de AER, sr. Villar Rodríguez, en se está previsto cortar a estrada nacional para colocar os módulos dos viadutos da AP-9 que pasan por enriba da mesma, e que medidas de seguridade se van a tomar cando monten as que están preto do instituto. AER roga que se se corta o tráfico, AUDASA proceda ao levantamento das barreiras da peaxe para desviar por aí o tráfico. Tamén preguntan se o van a facer polo aire, e recorda que non poden facelo de noite, xa que é unha zona urbana.

Contéstalle a sra. Fernández Prieto indicando que non tiñan pensado cortar o tráfico.

O sr. González del Rio insiste *que para seguir avanzando na xuntanza pódense buscar solucións e traer debuxadas as dúas opcións, co edificio de correos e sen el.*

Trátase como punto terceiro a obra **SUBIDA A MOURIÑO:**

En primeiro lugar os representantes da Asociación de Afectados insisten en que as cousas deben quedar moi claras. Hai que recuperar os espazos para que cando se inicien as obras non haxa problemas. As máquinas necesitarán estar na vía pública polo que haberá que anticiparse ás obras e aprender dos erros cometidos con anterioridade. Insisten na necesidade de que os topógrafos vaian acompañados por unha representación dos veciños para que se resolvan as cousas.

O sr. alcalde indica que *deberían incorporarse os 16 puntos tratados en anteriores xuntanzas aos tratados agora e tamén os temas do castelo e da ponte subida a Trasmañó, que se relacionan:*



CONCELLO DE REDONDELA

1. usar terreos expropiados en Riofrio, para ampliar na estrada
2. subida a Mouriño, ampliar camiño e alumeado
3. camiño Pasán, tubería de auga, terreos expropiados, lavadoiros, fonte e beirarrúa.
4. sacar arquetas de regadío que se encontran agora mesmo dentro da autoestrada e hai que sacalar cara a fóra.
5. situación das tuberías que cruzan a autopista.
6. retranqueo de talude fronte ao instituto e fronte ao pabellón
7. non se contestou á petición de modificación dos “mojones” nas zonas de Pasán e Igrexa.
8. retranqueo de peche do instituto (autobús, rodadura)
9. planificar os accesos, facer unha entrada nova na zona do instituto e igrexa.
10. estudar o camiño desde Pasán ata o torreiro.
11. as pantallas acústicas non veñen no proxecto da obra.
12. usar os terreos da casa derribada e humanizar
13. concretar entradas na obra e na zona de pavillón, ponte de Fraga, alto encarnación e para entrada na zona igrexa.
14. o transformador, unha vez eliminada a caseta, cableado soterrado.
15. zona subida a Mouriño, anchear e eliminar a barriga que ten o talude.
16. quitar o poste que non derribaron xunto á casa.
17. canalizar manantiais, a fonte da Avda. de Redondela e acondicionar xardín pois meteron coches da obra.
18. Camiño Cornido. Tirar casa e conectar vial
19. vial castelo de Rande
20. proxecto acceso Trasmañó

Toma a palabra o sr. Corugeira Cabaleiro da AA.VV. Trasmañó para expoñer *que agora que os veciños desa parroquia están representados quere insistir en que hai que minimizar os impactos das obras na praia de Cabanas. Tamén están interesados en saber como vai quedar o tema do Castelo de Rande e sobre todo a ponte de acceso a Trasmañó que é un grave problema porque produce accidentes constantemente porque é unha ponte con moito tráfico e sen capacidade polo que debería modificarse e facelo novo porque senón se fai agora quedará inutil. Pensa que habería que retomar o proxecto do ano 1975.*

Os representantes da Asociación de Afectados indícanlle ao sr. Corugeira Cabaleiro que lles parece moi ben que agora estean tan preocupados pero que eles levan anos defendendo os intereses de todos os veciños afectados polo que dos de Trasmañó tamén.

O sr. alcalde di que *a ponte volará sobre a autoestrada.*

O representante da AA.VV. Trasmañó piden *que se elimine a peaxe de Cabanas porque agora xa está feita a rotonda. Tamén que o acceso ao castelo de Rande se mellore e un novo proxecto de acceso a Trasmañó coa realización dunha nova ponte. Indica que non se pode vir a negociar cun proxecto pechado.*



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. González del Rio indicalle que o proxecto non está pechado, que está aberto e *que hai un predeseño do estudio para facer unha beirarrúa volada sobre a estrada na ponte de Trasmañó para ganar espazo. O deseño o ten o concello pero se traerá un plano, na próxima xuntanza, para ver como queda. Se toma nota para recoller o que se está a dicir e ver se hai posibles solucións. Se está calculando o proxecto.*

O sr. Corugeira Cabaleiro pide *que se comprobe in situ para que podan observar que non hai espacio e que a ponte é un problema tal e como esta agora. Que deberían terse en conta as peticións da parroquia para evitar problemas futuros.*

O sr. Domínguez Fernández, da Asociación de Afectados contéstalle ao representante da AA.VV. de Trasmañó que *está moi ben que agora veñan con eses plantexamentos cando durante anos nin se sabía onde estaban.*

O representante do PSdG-PSOE pide *que se faga un estudio da rotonda de Cabanas ao que lle contesta o sr. alcalde dicindo que esa obra está licitada e que é unha saída peonil que vai dar debaixo da ponte.*

O sr. Puch Casal insiste *en que non se avanza nada que hai que poñer prazos porque senón isto non vale para nada.*

O sr. alcalde di que existe un compromiso por parte de Audasa de traer a documentación.

Toma a palabra o sr. González del Rio e pide concretar datas facendo a seguinte proposta *nun mes traer planos detallados de como quedarían as obras, incluíndo as dúas opcións (co edificio de correos e sen el) e intentar recuperar para a ponte de Trasmañó o proxecto de 1975.*

Despois de deliberar sobre o dito acórdase que así sexa e:

- Que o **xoves 22 de outubro de 2015** se presente a documentación.
- convocar unha nova xuntanza para o **3 de novembro de 2015** na mesma ubicación e co mesmo horario.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Os sres. Chico López (UTE-RANDE) e Castro Campo (AUDASA) solicitan repoñer a liña de fenosa porque ten un grave risco de caída sobre a vía municipal e poñela en condicións de seguridade.

O sr. Domínguez Fdez. da Comisión de Afectados contéstalle dicindo *que esa problemática non foi producida polos veciños senón pola empresa e que serán eles os que teñen que dicir se permiten esa obra ou non.*



CONCELLO DE REDONDELA

O sr. Chico López *insiste na necesidade de solucionar esa problemática dado que son moitos os riscos que se están producindo, que hai un perigo enorme se non se cambia a liña que está provisional.*

Toma a palabra novamente o sr. Villar Rodríguez -representante de AER- para dicir que *é increíble que empecen a obra sen ter claro que se podía empezar. A liña eléctrica tiña que estar garantizada antes do inicio das obras. O avogado de Audasa sabe perfectamente do que estamos a falar. EPTICA é a empresa que está detrás de todo isto. Contéstalle o Sr. González del Rio dicíndolle que EPTISA non é do ministerio de Fomento e que as expropiacións as leva Audasa e foi Audasa a que contratou con EPTISA para as expropiacións pero non é a que paga.*

Por alusións contesta o avogado de Audasa, Sr. Sanz dicindo que *nin traballou nin traballa para EPTISA.*

Resposta o sr. Villar Rodríguez dicindo que *non hai vontade para resolver as expropiacións. As cartas din que non teñen razón os veciños. Por riba diso temos a problemática da luz. Desde o ano 2008 se veñen tendo problemas que a empresa non resolve e veñen agora pedindo que a xente sexa boa coa empresa. Insiste en que deberán ser boa a empresa cos veciños que son os afectados, os veciños somente están defendendo os seus dereitos.*

O Sr. González del Rio contéstalle dicindo que *o ministerio de Fomento quere expropiar e se intenta chegar a acordos favorables cos veciños pero hai veciños que non resolven os seus problemas. Hai que abrir unha nova vía de diálogo para que se poidan resolver estes problemas, insiste na necesidade de reconstruír o diálogo coa empresa para reivindicar o que consideren e chegar a unha solución favorable.*

O sr. alcalde pregunta sobre o colexio pois non se sabe nada aínda. Contéstalle o avogado Sr. Sanz e di que *trae 10 correos que aínda non se contestaron nin resolveron. O problema está na venda dos terreos.*

O sr. González del Rio, di que *fixeron xestión co Dtor. Xeral de Estradas. O problema é de Audasa e a SAREB que non vende. O mesmo día que estea feita a venda porán os terreos a disposición do Concello para a obra do novo colexio. Contéstalle o alcalde dicindo que a oferta está aceptada polo SAREB pero que falta a sinatura.*

O sr. Sanz indica que *é problema da aplicación da Lei de Blanqueo de Capitais que exige que se relacionen a todos e cada un dos propietarios da empresa e que xa están todos controlados pero falta aínda comprobar as empresas vinculadas.*

Por parte da Asociación de Afectados pídese o peche da fonte que esta a recoller as augas de escorrentía da autoestrada.

O sr. Villar Rodríguez -AER- solicita que para a próxima xuntanza se contesten as seguintes preguntas:



CONCELLO DE REDONDELA

- **queren saber se se van a cambiar os tirantes da ponte de Rande e se a montaxe dos novos se vai a facer na explanada de Portos que se está utilizando como aparcadoiro para o museo Meirande, e como vai a ser o seu transporte ata a ponte.**
- **queren saber dende onde se van a transportar os materiais por mar ata a ponte, así como os operarios, e se teñen pensado solicitar o uso do pantalán de Meirande.**
- **queren saber cando se ten pensado licitar o proxecto de insonorización da ap-9 xa que o proxecto de ampliación carece de tal medida, e quen o vai a pagar.**
- **queren saber que medidas se teñen pensado para tratar as augas de escorrentía.**

E sendo as 12:55 horas do día indicado no encabezamento, levántase a sesión do que como secretaria dou fe asinando o alcalde como presidente da mesma.

Vº e praxe
O ALCALDE,

A SECRETARIA DA COMISIÓN,

Asdo. Javier Bas Corugeira

Asdo. Carme Pérez Vaquero